

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE OUTUBRO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:20 horas do día vinte e sete de outubro de 2011, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez. Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/09/2011, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á Sinala a secretaria o erro na acta antedita en relación co último parágrafo do punto 5.13 onde se relacionan os decretos dictados pola alcaldía presidencia deben suprimirse os números 329, 330, 332 e 355 que corresponden aos decretos dictados a partir 29 de setembro de 2011.

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/09/2011 coa rectificación sinalada.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA QUE SE APROBA A CERTIFICACIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO POS PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2011

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, servizo de xestión de plans, rexistro de entrada 1485 de data 24/10/11, no que se comunica a aprobación da certificación única da obra que se detalla:

Plan: POS PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS

Obra: Reparación parcial del camino de Campos a Foros

Distribución do financiamento	Importe
Deputación fondos propios	35.996,79
Estado (MPT)	9.472,95
Concello fondos propios	4.943,08
Total certificación:	50.412,82

e o libramento da subvención da deputación por importe de 45.469,74 €uros

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA QUE SE APROBA A CERTIFICACIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO POS PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2011

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, servizo de xestión de plans, rexistro de entrada 1484 de data 24/10/11, no que se comunica a aprobación da certificación única da obra que se detalla:

Plan: POS PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS

Obra: Reparación parcial del camino de Campos a Foros

Distribución do financiamento	Importe
Concello fondos propios	4.943,08
Estado (MPT)	10.954,99
Deputación fondos propios	41.628,51
Total certificación:	57.526,58

e o libramento da subvención da deputación por importe de 52.583,50 €uros

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA PROXECTOS DE ENVELLECIMENTO ACTIVO PARA AS PERSOAS MAIORES

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de servizos sociais, rexistro de entrada 1442 de data 17/10/2011, no que se comunica a aprobación da xustificación da subvención concedida para o proxecto de termalismo social, convocatoria 2010, por importe de 5.000,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGO DO 60% DO IMPORTE DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE REPOSICIÓN DE MURO EN LA CALLE CAMPO DE LA IGLESIA DE SANTIAGO A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN FORMALIZADO CON DATA 21/07/2010

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, servizo de patrimonio e contratación, rexistro de entrada 1456 de data 12/09/11, no que se comunica a aprobación do pago, con carácter prepagable, a este concello da cantidade de 8.400,75 €uros correspondente ao 60% do importe da subvención da obra REPOSICIÓN DE MURO EN LA CALLE CAMPO DE LA IGLESIA DE SANTIAGO.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGO DO 60% DO IMPORTE DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO DEL ACCESO A LA IGLESIA DE SAN VICENTE DE ARCEO A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN FORMALIZADO CON DATA 22/07/2010

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, servizo de patrimonio e contratación, rexistro de entrada 1455 de data 12/09/11, no que se comunica a aprobación do pago, con carácter prepagable, a este concello da cantidade de 16.931,23 €uros correspondente ao 60% do importe da subvención da obra ACONDICIONAMIENTO DEL ACCESO A LA IGLESIA DE SAN VICENTE DE ARCEO.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN PARA INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA A CONCELLOS EXERCICIO 2011

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de promoción económica, rexistro de entrada 1476 de data 21/10/2011 no que se comunica a resolución de aboamento da subvención, anticipo prepagable a xustificar, para a realización da obra substitución do alumado público no campo da feira, cun importe de subvención de 13.991,87 €.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN PARA INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO DE DEPORTE A CONCELLOS EXERCICIO 2011

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de educación, cultura e deportes, rexistro de entrada 1464 de data 20/10/2011 no que se comunica a resolución de aboamento da subvención, anticipo prepagable a xustificar, para a realización da obra reparación de pista polideportiva no patio exterior do colexio, cun importe de subvención de 13.481,47 €.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE REINTEGRO SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA ACTIVIDADES CULTURAIS 2010.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Educación, Cultura e Deportes, rexistro de entrada nº. 966 con data 27/06/2011 no que se comunica a obriga de reintegro de 4.983,19 euros correspondente ó importe da subvención aboada non xustificada na súa totalidade para actividades culturais 2010, así como o importe correspondente aos xuros de mora da referida cantidade.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e aproban dito reintegro.

2.1.8.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EN RELACIÓN CON OBRAS PENDENTES DE EXECUTAR INCLUÍDAS NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2009

Pola Secretaria dáse conta da circular enviada pola Deputación Provincial, sección de plans provinciais, rexistro de entrada 1370 de data 27/09/2011, no que se comunica que este concello ten pendente de executar total ou parcialmente a obra incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2009 “Saneamento en Brates”, e cuxo prazo de execución remata o 30/11/2011 e polo tanto deberá realizar unha das seguintes actuacións:

A) Executar totalmente as obras antes do 30/11/2011, para isto deberase presentar un escrito á Deputación ata o 31 de outubro de 2011 no que se comprometa a executar as obras no prazo indicado.

B) Solicitar prórroga de execución presentando escrito de solicitude de prórroga á Deputación ata o 31 de outubro de 2011 que deberá estar debidamente motivada e coa indicación da data prevista.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan comunicar á Deputación que se compromete este Concello a rematar e certificar as obras antes do 30/11/2011 ao considerar que o expediente de permuta da parcela onde se vai situar a depuradora está finalizado.

2.1.9.- RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE FAMILIA E BENESTAR AUTORIZACIÓN INICIO DE ACTIVIDADES CENTRO DE DIA PARA PERSOAS MAIORES DE BOIMORTO.

Pola Secretaria dase conta da resolución enviada pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada 1440 de data 11/10/2011 pola que se concede a autorización de inicio de actividades do centro de servizos sociais CENTRO DE DIA PARA PERSOAS MAIORES DE BOIMORTO situado na rúa Gándara nº 73, coas seguintes características:

Área de actuación: maiores

Núm. Prazas: 30

Tipoloxía: Centro de Día

Plantas/distribución: Planta Semisoto e Baixa

Persoas usuarias: Persoas maiores con dependencia.

Quedando anotada esta autorización no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E-0628-C-003.

2.1.10.- RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE FAMILIA E BENESTAR AUTORIZACIÓN INICIO DE ACTIVIDADES RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES DE BOIMORTO.

Pola Secretaria dase conta da resolución enviada pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada 1441 de data 11/10/2011 pola que se concede a autorización de inicio de actividades do centro de servizos sociais RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES DE BOIMORTO situado na rúa Gándara nº 73, coas seguintes características:

Área de actuación: maiores

Tipoloxía: Minirresidencia

Persoas usuarias: Persoas maiores dependentes

Plantas/distribución: semisoto, baixa, primeira

Zona Residencial. Planta primeira: 10 habitacións dobres e 3 habitacións individuais.

Enfermería: 1 habitación individual

Total prazas: 23 residencias + 1 enfermería

Quedando anotada esta autorización no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E-0628-C-004.

2.1.11.- RESOLUCIÓN DA SECRETARIA XERAL DE FAMILIA E BENESTAR DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA SERVIZOS SOCIAIS.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar, rexistro de entrada 1474 de data 20/10/2011 no que se comunica a resolución da concesión de subvención de:

Persoal de servizos sociais comunitarios municipais:

Traballador/a social (1 a xornada completa): 15.012,59 €

T.G.M. (media xornada-educación familiar): 7.506,30 €

Axuda no fogar (prestación básica): 7.452,68 €

Total renovación + ampliación proxecto: 29.971,57 € a xustificar antes do 03/02/2012

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.12.- RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS CONCESIÓN DE AXUDAS CONVOCADAS POLA ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2010 PARA O FINANCIAMENTO DE PROXECTOS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS.

Pola secretaría dáse conta do escrito enviado pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, rexistro de entrada 1435 de data 11/10/11, onde se notifica a denegación da subvención solicitada por este concello ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2010 para o proxecto en materia de transporte de residuos que non acadou a puntuación mínima fixada pola comisión de avaliación para resultar beneficiario destas axudas.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS E AUTORIZACIÓNS

3.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA 7/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1400, con data 08/10/2011, presentada por D. Ángel Quintela Otero, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Barrio 3, parroquia de Dormeá, pertencente a este termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Barrio 3, parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Ángel Quintela Otero, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Barrio 3, parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA 8/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1401, con data 08/10/2011, presentada por Dna. Asunción Sánchez Labandeira con domicilio a efectos de notificación na rúa Manuel Azaña, 18 5º D, A Coruña, no que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Cruceiro, 2 parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a Dna. Asunción Sánchez Labandeira, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Cruceiro 2, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 79/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1432, con data 14/10/2011, presentada por D. Luis Rico Vereá, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Coto 11, parroquia de Boimil, pertencente a este termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 11 do lugar de Coto, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade con tres votos a favor **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Luis Rico Vereá, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 11 do lugar de Coto, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 80/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1390, con data 07/10/2011, presentada por Dna. Marina García Martínez, con domicilio a efectos de notificación na rúa Casal de Munín, parroquia de Boimorto, pertencente a este termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 17 da rúa Casal de Munín, parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración

Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade con tres votos a favor **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a Dna. Marina García Martínez, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 17 da rúa Casal de Munín, parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.5.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 81/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1391, con data 07/10/2011, presentada por D. Jesús García Martínez, con domicilio a efectos de notificación na rúa de Gándara 12, parroquia de Boimorto, pertencente a este termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 19 da rúa Casal de Munín, parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade con tres votos a favor **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Jesús García Martínez, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 19 da rúa Casal de Munín, parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.6.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 82/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1377, con data 03/10/2011, presentada por D. Jaime Sánchez López, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Fontao 8, parroquia de Brates, pertencente a este termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 8 do lugar de Fontao, parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocu-

pación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade con tres votos a favor **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Jaime Sánchez López, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 8 do lugar de Fontao, parroquia de Brates, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.7.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA RECOÑECIDA NO LUGAR DE NOGAREDO, PARROQUIA DE BRATES A INSTANCIA DE JOSÉ LUIS RIVAS CRUZ.

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 04/10/2011 nº de rexistro de entrada 1380 por D. José Luis Rivas Cruz presentou ante o Concello de Boimorto proxecto de “Ampliación gandeira e cerre parcial de parcela en Brates - Boimorto (A Coruña)” no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López colexiado nº 1.049 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 20110965; presentando o oficio de dirección visado; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural, coa categoría de expansión de núcleo, situando a edificación na segunda das clasificacións.

Visto que a explotación conta con Recoñecemento de explotación gandeira a nome de José Luis Rivas Cruz de data 23/02/2004.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 24/10/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de data 27/10/2011.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención e do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid nos que se sinala que segundo a documentación presentada esta actividade non aumentará os animais presentes na explotación polo que tampouco acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008 para cualificar como substancial a ampliación pretendida; polo que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2.b) da Lei 9/2002 e deberánse ter en conta as medidas correctoras sinaladas no propio proxecto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar licenza provisional de actividade a D. José Luis Rivas Cruz conforme ao proxecto de “Ampliación gandeira e cerre parcial de parcela en Brates - Boimorto (A Coruña)” no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López colexiado nº 1.049 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 20110965; presentando o oficio de dirección visado; parcela clasificada no

PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural, coa categoría de expansión de núcleo, situando a edificación na segunda das clasificacións.

SEGUNDO.- A presente autorización estará condicionada, ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza así como as establecidas nos informes técnicos que constan no expediente e indicadas neste acordo sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións:

- Estará condicionada a que non aumente os animais presentes na explotación (8), nin acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2088, para cualificar como substancial a ampliación pretendida, e polo tanto, non está sometida ao procedementos de avaliación de incidencia ambiental.

- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais.

- A licenza de actividade provisional debe cumprir o recollido no artigo 40 do PXOM de Boimorto así como o cumprimento de medidas correctoras contidas no proxecto.

- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

- A liquidación da licenza de actividade realizarase trala visita de comprobación e coa licenza definitiva de funcionamento.

TERCEIRO .- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.8.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE DE MODIFICADO DE LICENZA PROVISIONAL DE AMPLIACIÓN DE ACTIVIDADE DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA RECOÑECIDA A D. ROGELIO SUEIRO CARRO EN REPRESENTACIÓN DE GANDADERÍA PONTE BOADO SL TRAMITADA A INSTANCIA DE JAVIER SUEIRO VAZQUEZ EN REPRESENTACIÓN DE GANADERÍA PONTE BOADO SL (VER LO MAIOR 30/2010)

Vista instancia nº entrada 640 de data 25/05/2011, presentada por D. Javier Sueiro Vázquez, en presentación de Ganadería Ponte Boado S.L. solicita modificación de proxecto mediante a cal se lle foi concedida a licenza provisional de actividade e licenza de obra nº LO 30/2010, no lugar de Ponte Boado, parroquia de Arceo pertencente a este Concello, presentando “Modificado proxecto de estabulación para vacas de leite e anejos, licenza de obra nº 30 ano 2010”, redactado polo técnico D. Marcial Gende del Rio, colegiado número 968 visado polo colexio profesional de enxeñeiros técnicos agrícolas de Galicia co número 1297/10.

Vistos os informes técnicos urbanísticos asinados por D^a Marta Correa Bescansa en data 05/10/2009 e 23/12/2009 que constan no expediente así como informe de secretaría de data 29/09/2010.

Considerando o, -expediente de Actividade 3/2010; tramitado de novo informe de incidencia ambiental para este modificado de proxecto de estabulación para vacas de leite e anexos en

Ponte Boado, Decreto 133/2008 da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente en escrito con entrada 1375 de data 03/10/2011 sinalase que non e necesaria a tramitación de incidencia ambiental por tratarse dunha modificación non sustancial de actividade de explotación agropecuaria referida na disposición transitoria 11 da Lei 9/2002 LOUGA, sen prexuízo do sinalamento de medidas correctoras oportunas.

Constando no expediente informe de secretaría con data 27/10/2011 e dos servizos externos técnicos municipais informes de D. Ángel Delgado Cid, arquitecto adscrito ao departamento de planeamento e urbanismo de Cerne Ingeniería S.A. con CIF A- 15056468 de data 5/10/2011

Considerando, que este modificado non afecta ao proxecto técnico e este segue reunindo os requisitos esixidos igual que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ó medio ambiente.

Considerando, que se mantén o emprazamento proposto é este é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto, non estando en contradición co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, se respectan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vista a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, así como as demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDA:

PRIMEIRO.- Outorgar licenza provisional de actividade de modificado de proxecto de estabulación para vacas de leite e anexos en Ponte Boado da licenza provisional de actividade de explotación recoñecida a D. Javier Sueiro Vázquez en representación de Ganadería Ponte Boado S.L. para de modificado de proxecto de estabulación para vacas de leite e anexos en Ponte Boado sita no lugar de Ponte Boado parroquia de Arceo, pertencente a este Concello, presentando “Modificado proyecto de estabulación para vacas de leche y anejos, licenza de obra nº 30 año 2010”, redactado polo técnico D. Marcial Gende del Rio, colegiado número 968 visado polo colexio profesional de enxeñeiros técnicos agrícolas de Galicia co número 1297/10, condicionando a licenza de instalación ao cumprimento dos seguintes requisitos:

1.- En ningún caso a actividade se poderá comezar a exercer antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

2.- Para obter esta acta o petionario habrá de solicitar do Concello que efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

3.- Que, no suposto de que, antes de solicitar a visita de comprobación, se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular habrá de comunicalo á alcaldía-presidencia con cinco días de antelación, explicitando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin os bens. Á realización destas probas, poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

SEGUNDO.-A presente autorización estará condicionada, ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza 30/2010, no modificado proxecto de estabulación para vacas de leite e anexos, licenza de obra nº 30 ano 2010, así como as establecidas nos informes técnicos que constan no expediente e indicadas neste acordo.

Someter a modificación da licenza provisional de actividade de modificado de licenza de actividade definitiva ás seguintes condicións, xa sinaladas na anterior licenza provisional de actividade:

.- Estará condicionada a que non aumente o número de cabezas de gando (174 cabezas que equivalen a 144 UG), polo que tampouco acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008 de acontecer poderíase estar ante unha modificación sustancial a ampliación pretendida.

.- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais.

.- A licenza de actividade provisional debe cumprir o recollido no artigo 40 do PXOM de Boimorto para uso de categoría 2 así como o cumprimento de medidas correctoras contidas no acordo sobre cualificación de actividade de medioambiente facendo constar:

- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

.-Medidas correctoras e protectoras sinaladas no informe do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

- Antes da concesión da licenza deberá acreditarse a estanquidade e impermeabilidade dos silos e da plataforma de formigón mediante certificación do técnico responsable da dirección das obras.

- Deberá garantir a permanencia do xurro un mínimo de tres meses en maduración, antes do seu uso como fertilizante agrícola, para o que utilizará tanto a fosa de xuro nova coma a existente.

- A utilización do xurro como fertilizante agrícola respetará as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha. segundo R.D. 261/1996, do 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias, e o Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

- Os animais mortos serán entregados ó xestor autorizado (Reglamento 1774/2002/CE do Parlamento Europeo e do Consejo, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano).

- O chan baixo os silos será impermeable e canalizaranse os seus lixiviados á fosa de xuro ou fosa séptica axeitada ao dito fin.

- Deberá acreditar que a explotación gandeira ten un sistema de manexo mixto mediante escrito da Consellería de Medio Rural, do contrario deberá aumentar a capacidade de almacenamento de xurro.

- Tódolos residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestor autorizado.

- Os acabados das instalacións serán de cores e texturas concordantes co entorno o que permitirá unha maior integración cromática co medio circundante.

.- A liquidación da licenza de actividade realizarase trala visita de comprobación e coa licenza definitiva de funcionamento.

E sendo de necesario cumprimento as medidas correctoras indicadas por Medio Ambiente en escrito con entrada no Concello nº 1375 en data 03/10/2011 que son:

- Deberá garantir a permanencia do xurro un mínimo de tres meses en maduración, antes do seu uso como fertilizante agrícola.
 - A utilización do xurro como fertilizante agrícola respetará as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha. segundo R.D. 261/1996, do 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias, e o Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.
 - Os animais mortos serán entregados ó xestor autorizado (*Reglamento (CE) n° 1069/2009 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 21 de octubre de 2009, por el que se establecen las normas sanitarias aplicables a los subproductos animales y los productos derivados no destinados al consumo humano y por el que se deroga el Reglamento (CE) n° 1774/2002*).
 - O chan baixo os silos será impermeable e canalizaranse os seus lixiviados á fosa de xurro ou fosa séptica axeitada ao dito fin.
 - Tódolos residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestor autorizado.
 - Os acabados das instalacións serán de cores e texturas concordantes co entorno o que permitirá unha maior integración cromática co medio circundante.
- TERCEIRO** .- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

4.- URBANISMO OBRAS E SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidade e sancionador oportuno.

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 45/2011) PARA SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NA VIVENDA SITA EN CABANA Nº 4, PARROQUIA DE BUAZO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ BALADO BODELO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. José Balado Bodelo, con DNI núm. 33132890X, e con domicilio para os efectos de notificación no número 2 do lugar de Cabana, parroquia de Buazo, Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1348 de data 27/09/2011 para a substitución de cuberta na vivenda sita en Cabana nº 4, parroquia de Buazo (solo rústico) segundo presuposto e fotografía presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 08/10/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo rústico.

Vista a consulta descriptiva e gráfica de datos catastrais de bens inmobles de natureza urbana, a vivenda data do ano 1992.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. José Balado Balado, con DNI núm. 33132890X (LO 45/2011) para a substitución de cuberta na vivenda sita en Cabana nº 4, parroquia de Buazo (solo rústico) segundo presuposto e fotografía presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- A tella a empregar será curva de cor vermello.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: **3.500,00 Euros**.

Liquidación 2%: **70,00 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 46/2011) PARA SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DA VIVENDA SITA NA RÚA GÁNDARA Nº 24 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADO A INSTANCIA DE D. JOSÉ ANTONIO COSTOYA GARCÍA.

Visto expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. José Antonio Costoya García, con DNI nº 76474413B, e con domicilio para os efectos de notificación no número 24 da rúa Gándara do núcleo de Boimorto, solicitude con entrada no concello nº 1347 con data 27/09/2011, para a substitución da cuberta da vivenda sita na rúa Gándara nº 24 do núcleo de Boimorto (solo urbano) segundo memoria e fotografías presentadas.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con data 03/10/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo urbano coa ordenanza de edificación intensiva.

Vista a consulta descriptiva e gráfica de datos catastrais de bens inmobles de natureza urbana, a vivenda data do ano 1930.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor D. José Antonio Costoya García, con DNI nº 76474413B (LO 46/2011), para a substitución da cuberta da vivenda sita na rúa Gándara nº 24 do núcleo de Boimorto (solo urbano) segundo memoria e fotografías presentadas.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **4.079,46 €**

Liquidación 2%: **81,59 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. José Antonio Costoya García, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.3.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 47/2011) PARA SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DA VIVENDA SITA EN PARAVICO Nº 14, PARROQUIA DE ANDABAO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. AMANCIO LÓPEZ BELLO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Amancio López Bello, con DNI núm. 76510139H, e con domicilio para os efectos de notificación no número 14 do lugar de Paravico, parroquia de Andabao, Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1469 de data 24/10/2011 para a substitución da cuberta da vivenda sita en Paravico nº 14, parroquia de Andabao (solo de núcleo rural) segundo presuposto e fotografías presentadas.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 26/10/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de núcleo orixinario disperso.

E advertindo por Secretaría a non acreditación da legalidade e antigüedade da vivenda aos efectos de determinar o réxime legal ou fora de ordenación que fundamente o outorgamento da licenza.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Amancio López Bello, con DNI núm. 76510139H (LO 47/2011) para a substitución da cuberta da vivenda sita en Paravico nº 14, parroquia de Andabao (solo de núcleo rural) segundo presuposto e fotografías presentadas.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **7.918,74 €uros.**

Liquidación 2%: **158,37 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.4.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 48/2011) PARA A CANALIZACIÓN DE AUGAS PLUVIAIS DA VIVENDA SITA NO NÚMERO 2 DO LUGAR DE PROENTE, PARROQUIA DE DORMEÁ, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ RAMÓN REGUEIRO MONTERO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. José Ramón Regueiro Montero, con DNI núm. 78785702F, e con domicilio para os efectos de notificación no número 2 do lugar de Rubial, parroquia de Dormeá, Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1483 de data 26/10/2011 para a canalización de augas pluviais da vivenda sita no número 2 do lugar de Proente, parroquia de Dormeá, sendo necesario o cruce dun viario municipal pavimentado, clasificado como de tipo II (pista de Proente), segundo presuposto presentado.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos,

colexiado nº 4657, con data 26/10/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. José Ramón Regueiro Montero, con DNI núm. 78785702F (LO 48/2011) para a canalización de augas pluviais da vivenda sita no número 2 do lugar de Proente, parroquia de Dormeá, sendo necesario o cruce dun viario municipal pavimentado, clasificado como de tipo II (pista de Proente), segundo presuposto presentado.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras non poderán alterar as condicións da vía, debendo reporse cos mesmos materiais existentes.
- .- As obras non alterarán o tráfico da vía, debendo manterse o mesmo en condicións de seguridade.
- .- A tubaxe será de formigón e terá un diámetro mínimo de 400 mm.
- .- Para garantir a reposición do pavimento da vía deberá depositar unha fianza de 100 Euros.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **422,00 Euros.**

Liquidación 2%: **8,44 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.5.- LICENZA DE OBRA MAIOR 49/2011 PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA E CERRE PARCIAL DE PARCELA NO LUGAR DE NOGAREDO, PARROQUIA DE BRATES, SOLICITADA A INSTANCIA DE JOSÉ LUIS RIVAS CRUZ.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. José Luis Rivas Cruz, con domicilio a efectos de notificación no número 19 do lugar de Nogaredo, pertencente á parroquia de Brates, Boimorto, A Coruña, provisto do DNI núm. 33804443D, solicitude con rexistro de entrada no concello nº 1380 con data 04/10/2011, para a realización de obras de “Ampliación de explotación gandeira e cerre parcial de parcela en Brates-Boimorto” no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López colexiado nº 1049 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 20110965; presentando o oficio de dirección e execución de obra visado, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural, coa categoría de expansión de núcleo, situando situando a edificación na segunda das clasificacións.

Visto que a explotación conta con Recoñecemento de explotación gandeira a nome de José Luis Rivas Cruz de data 23/02/2004.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 24/10/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de data 27/10/2011.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención e do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid nos que se sinala que segundo a documentación presentada esta ac-

tividade non aumentará os animais presentes na explotación polo que tampouco acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008 para cualificar como substancial a ampliación pretendida; polo que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2b) da Lei 9/2002 e deberánse ter en conta as medidas correctoras sinaladas no propio proxecto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior da D. José Luis Rivas Cruz, con DNI núm. 33.804.443D (LO 49/2011), para a realización das obras de “ampliación de explotación gandeira e cerre parcial de parcela en Brates-Boimorto” no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, conforme ao proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López colexiado nº 1049 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 20110965; presentando o oficio de dirección e execución de obra visado, sendo director de obra o autor do proxecto; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural, coa categoría de expansión de núcleo, situando a edificación na segunda das clasificacións.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.
- A porta de acceso de vehículos recuarase 3 metros respecto da liña de cerramento, co obxectivo de reservar un espazo para a parada dos vehículos sen que estes invadan a calzada. Ademais, en ningún caso as portas que dean a estrada abrirán cara a mesma, debendo abrir cara o interior da parcela (artigo 30.7 do PXOM).
- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinala construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **10.256,14 €**

Liquidación 2%: **205,12 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

4.1.6.- LICENZA DE OBRA MAIOR PARA MODIFICADO DO PROXECTO DE ESTABULACIÓN DE VACAS DE LEITE E ANEXOS NO LUGAR DE PONTE BOADO- ARCEO (LO30/2010) TRAMITADO A INSTANCIA DE JAVIER SUEIRO VÁZQUEZ LO 50/2011

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 25/05/2011 nº de rexistro de entrada 640 por D. Javier Sueiro Vázquez en representación de Ganadería Ponte Boado S.L. presentou ante o Concello de Boimorto “Modificado proxecto de estabulación de vacas de leite y anejos” no lugar do Ponte Boado-Arceo; solicitando a modificación da licenza de obra maior LO 30/2010, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Marcial Gende del Río colexiado nº 968 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos

Agrícolas co número 1297/10; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria.

Visto que a explotación conta con Recoñecemento de edificación destinada a actividade agropecuaria a nome de D. Javier Sueiro Vázquez de data 17/06/2007.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 05/10/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, e visto o informe de Secretaría de data 27/10/2011, condicionando a licenza ao sinalado nestes.

Non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2b) da Lei 9/2002.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar licenza de obra maior (LO 50/2011) modificación de ampliación explotación outorgada LO 30/2010; a D. Javier Sueiro Vázquez en representación de Ganadería Ponte Boado S.L. conforme documentación sinalada nos considerandos deste acordo. Sometendo a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros.

.- As obras non poden ser iniciadas ata que sexa presentada a documentación complementaria visada, en referencia da anterior licenza LO 30/2010, nomeamento de dirección de obra.

.- Realizarase a conexión á rede municipal de abastecemento de auga e rede eléctrica a costa da propiedade.

.- As obras deben axustarse ao establecido nos artigos 31 de compromiso de execución dos servizos e 68 do PXOM de Boimorto e o artigo 42 de inscrición no rexistro da propiedade e 44 da Lei 9/2002.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a seis meses.

.- As obras que se pretenden realizar consisten na substitución da parte destinada a almacén cunha superficie de 542,08 m², por unha zona destinada a 58 novos cubículos, un patio de exercicio, ademais dun comedero. Desta maneira a superficie destinada a estabulación de vacas leiteiras pasa de 1.1448,81 m² a 1.990,89m². Estas obras modifican os alzados Norte, Sur e Leste . No alzado Norte colocárase un muro e unha porta na zona modificada para evitar a saída dos animais; no alzado Sur porase un portal para dar acceso ao patio de exercicio proxectado; no alzado Leste construírase un muro de 2,0 m de altura para que non saian os animais. Ditas obras non alteraran as condicións urbanísticas que serviron de base para a concesión da licenza orixinal, xa que no se modifica a superficie total proxectada nin o volume nin afectan a estrutura nin a forma exterior da edificación.

SEGUNDO.-Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 50/2011

Presuposto de execución material da obra axustándose ao Anexo I da Ordenanza reguladora do ICIO: 93.686,86€

Liquidación 2%: **1.873,74€**

TERCERO.- Notificar o presente acordo o interesado, sinalándolle que antes do inicio das deberá presentar o nomeamento de dirección de obra.

4.2.- OBRAS E SERVIZOS

4.2.1.- OFERTA MÁIS VENTAXOSA DA OBRA “ADECUACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO PARA CELEBRACIÓN DO MERCADO TRADICIONAL” POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE (Expte: COPNSP 9/2011)

Visto o expediente de procedemento negociado tramitado en relación coa subvencionada pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria para a execución da obra de “Adecuación de espazo público para celebración do mercado tradicional”, concesión de subvención con entrada en data 30/08/2011 e nº de rexistro de entrada 1254.

Iniciado e aprobado dito expediente por decreto da alcaldía número 325/2011 de data 04/10/2011 polo que se aprobou proxecto de obra redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en setembro 2011 cun orzamento de execución pro contrata de 91.540,22 € (ive incluído), constando no expediente informe de data 04/10/2011 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 15.63150

Remitidas invitacións para participar a: Antonio Filloy, S.A. CIF A-36.016.665; Construcciones González y González, S.L. Con CIF nº B-15.165.004 e Construcciones y Promociones Airamar 2003, S.L., CIF B-35761048.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola Secretaria en data 14/10/2011 que se reproduce literalmente:

<<DONA REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).-----

CERTIFICO: Que en cumprimento do acordo adoptado por Decreto de Alcaldía 325/2011 de data 04/10/2011 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación da obra “Adecuación de espazo público para mercado tradicional” e outorgado un prazo de tres días naturais dende a recepción da invitación para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas; recibidas a invitacións segundo acuses de recibos en data 6 de outubro de 2011, rematando o prazo para presentar ofertas o día 9 de outubro; foron presentadas por rexistro de entrada neste Concello a seguinte documentación:

.-Antonio Filloy S.A. con CIF A36016665 presenta:
Sobre A con entrada nº 1393 en data 07/10/2011
Sobre B con entrada nº 1394 en data 07/10/2011
Sobre C con entrada nº 1395 en data 07/10/2011

.- Construcciones González y González S.L. con CIF B15165004 presenta:
Sobre A con entrada nº 1396 en data 07/10/2011
Sobre B con entrada nº 1397 en data 07/10/2011
Sobre C con entrada nº 1398 en data 07/10/2011

.- Construcciones y Promociones AIRAMAR 2003 S.L. con CIF B35761048 presenta:
Escrito con entrada nº 1399 en data 07/10/2011 no que consta renuncia expresa a participación en dita obra.

E para que así conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde en Boimorto a 14 de outubro de 2011.

Vº Pr.
O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

Non sendo necesaria a constitución de mesa de contratación, procédese pola secretaria a apertura dos sobres A presentados por Antonio Filloy, S.A. CIF A-36.016.665 e Construcciones González y González, S.L. Con CIF nº B-15.165.004, sobre relacionado coa acreditación de capacidade quedando acreditada a capacidade e solvencia de ambas segundo a documentación aportada e os pregos que rexen a presente licitación.

Continúa a secretaria coa apertura dos sobres B das dúas empresas, tendo en conta o regulado no prego de cláusulas administrativas particulares en relación cos criterios de valoración anexo IV da fase 1 (criterios con carácter específico: por redución de prazo).

A Xunta de Goberno Local, considerando necesaria aclaración sobre os prazos de execución da obra ofertados en relacións coas anualidades 2011 e 2012, por unanimidade **ACORDOU** en uso das facultades delegadas en materia de contratación pola Alcaldía Presidencia:

PRIMEIRO.- Requerir ás empresas Antonio Filloy, S.A. e Construcciones González y González, S.L. para que dentro do prazo de tres días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que reciba o presente requerimento, aclaren cantos días de traballo propoñen para a execución da obra para anualidade 2011 e cantos para anualidade 2012, debendo xustificarse debidamente a redución de prazo de execución que oferten.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida a ambas empresas.

4.2.2.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE TRANSPORTE Ó CENTRO MUNICIPAL DE MAIORES DO CONCELLO DE BOIMORTO.

Tendo en conta que o contrato de servizos de transporte ó centro municipal de maiores do Concello de Boimorto foi asinado entre este Concello e a empresa Autos Rico S.L., con CIF B-15157357 en data 24/07/2008 rexíndose dito contrato pola normativa contractual anterior á Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público e pregos que e foron aprobados pola Xunta de Goberno local en sesión de data 24/04/2008., segundo o disposto na disposición transitoria primeira da Lei 30/2007 de contratos do sector público e necesaria a aplicación da normativa en vigor para os efectos, cumprimento e extinción, por terse adxudicado o contrato trala entrada en vigor da Lei 30/2007.

Visto o contrato asinado o 24/07/2008 e que foi prorrogado ata o 24/07/2011 como consta en prórroga asinada por ambas partes o día 29/10/2010 .

Visto informe de secretaria de data 27/10/2011.

Sendo causas de resolución do contrato as sinaladas nos artigos 206 h) e 284 da Lei 30/2007 de contratos do sector público e regulado o procedemento de resolución nos artigos 109 e seguintes do Real Decreto 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento da lei de contratos , a Xunta de Goberno local por unanimidade pasado o prazo de vixencia do contrato de servizos fixado **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Dar audiencia de 10 días naturais de conformidade co artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001 , ó contratista Autos Rico S.L. con CIF B-15157357 a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo en relación coa intención deste órgano de contratación de resolver o contrato de servizos asinado para o servizo de transporte o centro de maiores do Concello de Boimorto por ter rematado o prazo de vixencia do contrato en vigor xa no mes de xullo de 2011 sinalando que será devolta a garantía definitiva constituída por 1.200€ previo acordo expreso de resolución firme do contrato por esta Xunta de Goberno .

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida ó contratista aos efectos oportunos.

4.2.3.- NON PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS EN PRAZO DA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICO URBANÍSTICA **RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

Visto que na Xunta de Goberno Local celebrada o 29/09/2011 acordou comunicar a empresa Cerne Ingeniería, S.A. (CEINSA) o cumprimento e necesidade de resolución do contrato de servizos de asistencia técnico urbanística asinado o 05/11/2007 prorrogado o 30/09/2010 para resolver o contrato con efectos de 5/11/2011, notificada a dita empresa a proposta de resolución, outorgando un prazo de audiencia de 10 días naturais de conformidade co artigo 109.1 a) do

Real Decreto 1098/2001, recibida notificación según acuse de recibo o 5/10/2011 rematando o prazo para presentar alegacións o día 15/10/2011 sen que foron presentadas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Acordar a resolución do contrato de servizos de asistencia técnico urbanística asinado o 5/11/2007 prorrogado o 30/09/2010 ata o 5/11/2011 coa empresa Cerne Ingeniería, S.A., (CEINSA) comunicándolle que baixo as mesmas condicións económicas pode en contratación menor seguir prestando o servizo para non prexudicar o funcionamento do mesmo ata que sexa obxecto de nova contratación por procedemento negociado sen publicidade.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á empresa aos efectos oportunos.

4.2.4.-INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICO URBANÍSTICA.

Vista a resolución do contrato de servizos técnico urbanísticos no Concello de Boimorto e a necesidade de continuar con ditos servizos.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de contratación dos servizos de asistencia técnico urbanística do Concello de Boimorto como procedemento negociado sen publicidade cun orzamento de 24.000 anuais mais iva

SEGUNDO.- Informe secretaría intervención sobre o procedemento a seguir e incorpórense pregos ó expediente ós efectos oportunos.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU**:

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
Tickets/28-09-11	Autopistas del Atlántico A-15020522	Peaxe viaxe a Coruña por material para miniresidencia	4,50 €
Liquidación número fixo 2011/12144	Deputación Provincial □	Taxa publicación anuncio BOP aprobación inicial expediente de modificación de créditos, modificación base de execución do orzamento e rectificación erro Bases apoio a natalidade	183,89 €
FA12411/15-10-11	Multisports Galicia, S.L. / G27266113	Control V carreira pedestre popular 2011	397,40 €
1/11/18-10-11	Oliva Penas Guerreiro 76805350R	Material obradoiro memoria 2011 centro municipal maiores	32,45 €
1-11038208/25-10-11	Manuel Castro Gómez 33215547M	Confección nóminas e seguros mes de outubro 2011	595,55 €
6/2011/08-10-11	Asociación Cultural Pedro O Chosco / G15896921	Actuación de Santi Prego o día 8 de outubro de 2011 rede cultural da Deputación 2011	400,00 €
143-68230/20-10-11	Minit Spain S.A.U. A28163681	Tres copias de chaves aula informática	12,30 €
143-68163/17-10-11		Copia de chave aula informática	4,10 €
269/21-10-11	Mariluz González González / 76808485P	Material curso de pintura	14,38 €

6.243/21-10-11	Librería Mosteiro / 35243342M	Material curso de pintura	3,75 €
418/11-10-11	Hermanos Vázquez, S.L. / B-15643315□	Catro montaxes roda camión □recollida de lixo e bolsas de equilibrado Equal A 12 onzas rodas dianteiras	88,69 €
4000797695/30-09- 11□	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.A. / ESA- 83052407	Franqueo pagado mes de setembro 2011	224,62 €
02-11/22-10-11	Asociación cultural Charamela / G70089958	Actuación do grupo de teatro coa obra “Se o sei Non volvo a casa” o día 22/10/11. Rede cultural 2011	900,00 €
M-029/11/25-09-11	José Angel Candal López / 32755022D	Actuación musical do dúo “Ma- racaibo” realizada o día 25/09/11 rede cultural 2011	400,00 €
P2011/12604/ 14-10-11	Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U. B70055504	Servizo de prevención período do 16/03/11 ao 15/03/202	375,65 €
C-2010/042/22-07-11	David Barbeito Lava- dores / 46918563N	Sinais para sinalizar traballos de desbradora	448,40 €
OFFV11/4636/ 30-09-11	OFIREYCO S.L. B15342702	Material de oficina	150,75 €
003828/30-08-11	Fernando J. Sánchez Gar- cía 76505509B	Subministro arqueta PVC obra Campo do Rosario	30,00 €
003840/30-09-11		Subministro de material obra arquetas Fenosa en Corredoiras	164,79 €
003841/30-09-11		Subministro sacos de cemento para a obra campo de fútbol	50,27 €
003842/30-09-11		Material reparación lavabo na miniresidencia	113,75 €
42365/21-10-11□	Rio Blanco S.L. B15424047	Suministro de hipoclorito sódico para depósito de Boimil e estación potabilizadora	497,02
380393361/11-10-11	MAFRE FAMILIAR Compañía de Seguros y Reaseguros S.A. A28141935	Póliza seguro remolque 864BDG do 10/10/2011 a 10/10/2012	202,41 €
24A/26-10-11	Mª Lourdes Vereá Seoane 76510236T	Material para o alumeado Ma-	206,15 €
24B/26-10-11		terial para regar céspede	12,70 €
24C/26-10-11		Material para campo de fútbol	63,95 €
24D/26-10-11		Material para piscina	17,70 €
24E/26-10-11		Material para centro médico	65,60 €
24F/26-10-11		Material para casa de cultura	65,70 €
24G/26-10-11		Material de mantemento	58,90 €
24H/26-10-11		Material para miniresidencia	242,25 €
24I/26-10-11		Material servizo de augas	428,25 €
24J/26-10-11		Material para colexio público	37,94 €
24K/26-10-11		Material para polideportivo	21,90 €
24L/26-10-11		Material para biblioteca	9,20 €
5/01107335/25-09-11 5/01107336/25-09-11	Nea F3 Iberica, S.L. B-15361348	Mantemento fotocopiadora cor BH. C353 oficinas municipais Mantemento fotocopiadora K-	176,48 €

		7022 servizos sociais	31,25 €
007/2011/03-10-11	Fademur / B-86270477	30% de haberes das actuacións de coordinación e formación □ correspondentes ao programa formativo AURORA mes de setembro 2011	3.600,00 €
AR301138/30-09-11	ABM-REXEL S.L.U. B-28262822	Material para a miniresidencia e centro de día de Boimorto	226,19 €
AR301420/15-10-11 □		Material para a miniresidencia e centro de día de Boimorto	72,81 €
10/008795/01-10-11	Suministros Trio, S.L. B-15790371	Material servizo de augas	161,37 €
104/11/30-09-11	Cerne Ingeniería, S.A. A-15056468	Asistencia técnico-urbanística mes de setembro de 2011	2.450,00 €
105/11/30-09-11 □		Asistencia técnica de coordinación de seguridade e saúde de proxectos de obras municipais setembro 2011	833,33 €
2011/2355/30-09-11	Sogama / A-15379803	Tratamento de residuos urbanos mes de setembro 2011	3.304,20 €
11/210731/30-09-11	COGAMI Reciclado de Galicia S.L./B15467962	Recollida e xestión de residuos sólidos	90,72 €
581.359/01-10-11	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial outubro 2011	311,71 €
582.002/01-10-11 □		Mantemento ascensor miniresidencia outubro 2011	304,65 €
1964/30-09-11 □	Serlimat Española, S.L. B-15535875	Servizo de mantemento de limpeza mes de setembro 2011	2.585,11 €
950694989/31-08-11	KONE Elevadores S.A. A-28791069	Servizo mantemento ascensor colexio mes de agosto 2011	221,18 €
950700178/30-09-11		Servizo mantemento ascensor colexio mes de setembro 2011	221,18 €
7069/30-09-11	Oli-Servi, S.L. B-15202583	Disco duro PC oficinas	59,00 €
A/703/28-09-11	Autos Rico, S.L. B15157357	Servizo de transporte prestado o 24/06/11 a Ourense	324,00 €
A/704/28-09-11		Servizo de transporte efectuado o 08/08/11 aquapark Cerceda	216,00 €
A/706/28-09-11		Servizo de transporte prestado ao centro municipal de maiores durante o mes de xullo 2011	1.250,00 €
Relación de recibos: 11/10/11 □	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A./ A-65067332	Recibos de subministro de luz ao alumado público Recibos de subministro de luz ás dependencias do concello	6.666,38 € 478,58 €
28-J182-386428 01/10/11	Telefónica Móviles España, S.A. A-78923725	Recibo teléfonos móbiles	188,64 €
TA3YK0582898 TA3YK0564851	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono centro maiores Recibo teléfono servizos sociais	89,39 €
TA3YK0564850		Recibo teléfono xulgado de paz	102,06 €
TA3YK0579403		Recibo teléfono ascensor	24,54 €
TA3YK0579792		Recibo teléfono oficinas Concello	16,49 €

TA3YK0581269	Recibo teléfono fax concello	388,89 €
TA3YK0588375	Recibo teléfono baixo concello	1,05 €
TA3YK0564853	Recibo teléfono PAI	68,69 €
TA3YK0591852	Recibo teléfono miniresidencia	24,05 €
TA3YK0591093	Recibo teléfono ascensor mini-residencia	19,47 €
19/10/11		18,41 €

5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Teresa Gómez Cea

DATA DO INFORME: 27/10/2011

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia e podoloxía as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- MANUEL FELPETE VARELA - PODOLOXÍA **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como técnica en intervención familiar-psicoloxía do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de podoloxía a Mnauel Felpete Varela.

SEGUNDO.- Notificar ó beneficiario deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de outubro, novembro e decembro do 2011. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de podoloxía.

5.3.- ESCRITO DE D. RUBÉN PEDROUZO VILAR, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DE FIANZA DEPOSITADA COMO DEPÓSITO E TRANSPORTE DE MADEIRA DE CORTA

Dáse conta do escrito de D. Rubén Pedrouzo Vilar, con DNI número 44828338V en representación de Explotaciones Forestales Souto Carrillo, S.L. con CIF B15738768 e enderezo a

efectos de notificación en Lg. A Carballeira, Aiazo, Frades, solicitando a devolución da fianza de 300 €uros depositada para responder de posibles danos non reparados voluntariamente en relación coa licenza, depósito e transporte de maedira de corta na finca polígono 505 parcela 95 na parroquia de Buazo pertencente a este Concello para a especie de "eucaliptos nitens".

Visto o informe emitido polo servizo de asistencia técnico-urbanística deste Concello, de data 10/10/2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á devolución da fianza solicitada, xa que as vías públicas non sufriron danos, atopándose limpas.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.4.- ESTUDO DE SOLICITUDES EN RELACIÓN Á CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A COMISIONS DE FESTAS.

5.4.1.-SOLICITUDE DE SUBVENCION A COMISION DE FESTAS CORNEDA.

Vista a seguinte solicitude:

D. Jesús Bernárdez García, con DNI 78785958X, e domicilio a efectos de notificacións no lugar de Carretera, 8 parroquia de Corneda, no que solicita, en representación da comisión de festas de Corneda, unha axuda económica para custear parte dos gastos das festas en honor á Virxe do Rosario.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder unha subvención directa de 200 € á comisión de festas de Corneda e comunicarlle ao solicitante que deberá asinar un Convenio con este Concello, segundo o modelo aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 30/04/09, Convenio que terá que ser asinado polo alcalde.

SEGUNDO.- Trala sinatura do Convenio, non se realizará o pago ata a xustificación dos gastos realizados tal e como se sinala no convenio.

5.4.2.-SOLICITUDE DE SUBVENCION A COMISION DE FESTAS ANXELES.

Vista a seguinte solicitude:

D. Jesús Corral Gómez, con DNI 34890951C, e domicilio a efectos de notificacións no lugar de Iglesia, 1 parroquia de Ánxeles, no que solicita, en representación da comisión de festas de Ánxeles, unha axuda económica para custear parte dos gastos das festas en honor á Santa María.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder unha subvención directa de 200 € á comisión de festas de Ánxeles e comunicarlle ao solicitante que deberá asinar un Convenio con este Concello, segundo o modelo aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 30/04/09, Convenio que terá que ser asinado polo alcalde.

SEGUNDO.- Trala sinatura do Convenio, non se realizará o pago ata a xustificación dos gastos realizados tal e como se sinala no convenio.

5.5.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A CENA-BAILE DE NADAL 2011

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán a cena-baile redactadas en data 26/10/2011 pola animadora sociocultural e a normalizadora lingüística que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A CENA-BAILE DE NADAL 2011

1.- Concepto

Establecemento do prezo público para a cea-baile de Nadal 2011; levarase a cabo o venres 16 de decembro de 2011.

A hora e lugar de celebración será sinalado o día 13 de decembro, que será determinado en función da xente que estea anotada.

O prazo de inscrición remata o luns día 12 de decembro e en caso de non acadar un mínimo de xente de 10 persoas non se levará a cabo dita cea-baile.

O obxecto desta actividade é o de fomentar a participación veciñal e a socialización, facendo unha xuntaza con cea e baile de todos os veciños e veciñas.

2.- Obrigados ó pagamento

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade, ocupando o seu correspondente prato e cadeira na comida.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases dos prezos públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

3.- Contía

O prezo público da actividade é de 20 euros por persoa. Para os menores de 10 anos o prezo da actividades será de 10 euros. O prezo inclúe a cea para ese día e o baile amenizado por un dúo musical; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

Exención: pagamento parcial do custe do dúo musical para todos os participantes.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto 26 de outubro de 2011

A animadora sociocultural

A normalizadora lingüística

Yolanda Barreiro Garea

Sylvia Cea Vázquez>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases establecemento do prezo público para a cena-baile redactadas en data 26/10/2011 pola animadora sociocultural e a normalizadora lingüística tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 20€ .

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.6.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECIMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A EXCURSIÓN A BOM JESÚS (PORTUGAL)

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán a excursión a Bom Jesús (Portugal) redactadas en data 26/10/2011 pola animadora sociocultural e normalizadora lingüística que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECIMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A EXCURSIÓN A BOM JESÚS (PORTUGAL)

Establecemento do prezo público para a excursión á Bom Jesús (Portugal); o día 19 de novembro de 2011, e no caso de non acadar o número mínimo de participantes, que será de 50 non se realizará a excursión. Se o tempo non o permite cambiarase a excursión para outra fin de semana.

A hora e lugar de saída do autocar é ás 07:00 h do Campo do Rosario (colexio).

O prazo de inscrición remata o venres día 11 de novembro. Os menores de idade deberán ir acompañados por un adulto.

O obxecto desta actividade é o de fomentar a participación conxunta de veciños/as de diferentes idades e dar a coñecer a todos diferentes lugares da xeografía da Península.

2.- Obrigados ó pagamento

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases dos prezos públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

3.- Contía

O prezo público da actividade é de 30 euros por persoa. O prezo inclúe o desprazamento en autocar, almorzo, visitas aos lugares e xantar; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade (incluíndo como tal o cambio de día de realización da actividade).

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

Exención: pagamento parcial do custe do transporte desta actividade para todos os participantes.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto 26 de outubro de 2011

A animadora sociocultural

A normalizadora lingüística

Yolanda Barreiro Garea

Sylvia Cea Vázquez>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases establecemento do prezo público para a excursión á Bom Jesús (Portugal) redactadas en data 26/10/2011 animadora sociocultural e normalizadora lingüística tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 30€ .

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.7.- PROPOSTA DE REINTEGRO DE SUBVENCIÓN DE APOIO Á NATALIDADE

Expediente: reintegro de subvención apoio á natalidade

Nome do solicitante: D^a. María de los Ángeles Bermejo Montero

DNI da solicitante: 44842599M

Datos do cónxuxe ou parella: Ricardo Castro Sesar

DNI: 46904939G

Con data 6 de novembro de 2008, rexistro de entrada número 1323, o solicitante cujos datos figuran na cabeceira deste documento, presentou solicitude de subvención ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 173 de data 29/07/2008 de axudas municipais para o apoio á natalidade, bases aprobadas polo Pleno da Corporación con data 22/05/2008.

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 27/11/2008 aprobou a concesión da subvención por importe de 300 euros polo nacemento da súa filla Ainara Castro Bermejo en data 07/09/2008

No ficheiro remitido polo Instituto Nacional de Estadística de data 11/08/20011 comunícase a alta no Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Oleiros da nena Ainara Castro Bermejo, data de alta: 20/07/2011.

Vista a base 2^a. Punto 4.- da referida convocatoria onde di “*O pai/nai ou ámbolos dous deberán comprometerse a seguir empadroados no concello, tanto eles como os nenos/as por un período de catro anos dende o nacemento ou adopción*”.

Visto que coa comunicación do Instituto Nacional de Estatística das variacións producidas no Padrón municipal de habitantes os pais da nena Ainara Castro Bermejo deixan de cumprir un dos requisitos necesarios para ser beneficiario da axuda outorgada para o apoio á natalidade. En base ao exposto polo pai/nai da nena Ainara Castro Bermejo como beneficiarios da axuda veñen obrigados ao reintegro da mesma ao haber incumplido a obrigaón citada.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Declarar a procedencia do reintegro da subvención percibida polos pais da nena Ainara Castro Bermejo como consecuencia do incumplimento mencionado, ascendendo o importe a reintegrar de 300 euros, cuio ingreso poderán transferir a conta corrente que o Concello de Boimorto mantén aberta en Novacaixagalicia Banco co número 2080-0336-34-3110000079.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

Seguidamente pola secretaria dáse conta dos decretos números 329, 330, 332, 355 e 357 dictados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:35 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

E para que así conste, en cumprimento do disposto no artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a súa remisión ao Ilmo. Sr. Subdelegado do Goberno e á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, expido a presente por orde e co visto e prace do Sr. alcalde-presidente, en Boimorto a vinte e oito de decembro de dous mil once.=====

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez